

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

EXTRACTO da Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS700A).

BDNS (Identif.): 488138.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Segundo o tipo de xestión:

a) Individual: concellos cun censo mínimo de 10.000 habitantes.

b) Compartida: agrupacións de concellos e/ou de mancomunidades de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais constituídos exclusivamente por concellos.

Quedan excluídas as deputacións provinciais.

Segundo. *Obxecto*

Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá (Decreto 183/2013, do 5 de decembro), mediante xestión individual ou compartida e directa ou indirecta a través da concertación con terceiros da execución total ou parcial da actividade.

A finalidade será:

a) Programa I, destinado á consolidación dos servizos actualmente subvencionados pola Xunta de Galicia a través da Orde do 25 de marzo de 2019 (DOG núm. 70, do 10 de abril).



b) Programa II, destinado aos servizos existentes actualmente non subvencionados, así como á implantación de novas unidades.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Contidas na Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS700A).

Cuarto. *Contía*

Destínase crédito por importe total de dous millóns novecentos trinta e seis mil novecentos sesenta e tres euros (2.936.963,00 €), cofinanciado con fondos FSE nun 80 %, programa operativo FSE Galicia 2014-2020, obxectivo específico 9.4.1, distribuído segundo o seguinte:

a) Programa I: 2.423.993,60 €.

b) Programa II: 512.969,40 €.

A contía máxima de subvención por beneficiario será do 90 % do orzamento total da actuación, cos seguintes límites en función do tipo de xestión:

a) Individual: 9.000 € por mes subvencionable.

b) Compartida: 12.000 € por mes subvencionable.

O importe calcularase de acordo co sistema de custos simplificados en función do custo unitario por hora de traballo sinalado na orde, segundo os grupos profesionais.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.



Sexto. Outros datos

Sen prexuízo da totalidade de condicións establecidas na orde e nos termos establecidos nos artigos 7, 8, 9, 10 e 11:

a) O obxecto da prestación estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.

b) O período máximo subvencionable abranguerá desde el 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro de 2020 e os gastos imputables serán os directos de persoal e outros gastos directos e indirectos realizados naquel e que fosen efectivamente pagados na data límite de xustificación.

c) O equipo de traballo deberá contar cun mínimo de 3 integrantes e ser interdisciplinar.

Realizarase un primeiro pagamento do 50 % da contía da subvención concedida, en concepto de anticipo, unha vez notificada a resolución. O 50 % restante ou a parte que corresponda, tras a correspondente xustificación, que se realizará nos termos previstos no artigo 26 da orde e sen prexuízo da obriga establecida no artigo 11.d), a través da modalidade de custos simplificados e con data límite do 15 de novembro de 2020.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2019

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

